



O LEÓN E O ELEFANTE



Todos os animais veneraban profundamente ao seu rei o león. Recoñecían o seu porte, forza, fereza e valentía e non lles importaba en absoluto cos gobernara, facía moito tempo.

Sen embargo, había algo cos molestaba moito que era co monarca tiña por amigo predilecto a un vello e pesado elefante, feito que non chegaban a comprender.




Todos desexaban ser o predilecto do rei e críanse con mellores atributos co elefante.

O rancor e a envexa chegaron a tal punto, que un día quixeron facer unha reunión para compartir as súas desconformidades para que o león escollese a outro amigo.



Cando todos estiveron reunidos, a primeira en falar foi a zorra:

- O noso rei é magnífico, pero todos coincidimos en que non se lle da ben escoller amigos. Se polo menos escollera a alguén tan astuta coma min, o animal máis intelixente, e con unha fermosa e peluda cola coma a miña, entenderíao e esta reunión non tería lugar. - Dixo con toda a seguridade do mundo



- Non entendo como o león pode andar cun animal que carece de garras grandes e poderosas como as miñas – dixo a súa vez o oso que nin atendera a todo o que dixera a zorra.

Pola súa parte, o burro tratou aos dous anteriores de parvos e exclamou:

- Para min está máis que claro. Ao rei gústalle o elefante porque ten unhas orellas grandes como as miñas, só pasa que descubriu ao elefante primeiro, e a min, aínda non tivo o gusto de coñecerme.



- Que maneira de presumir de si mesmos eses parvos!- díxolle un parrulo ao outro. - Vese que descoñecen que o mellor do mundo é graznar – engadiu.

E así, válidos só para ver as súas supostas virtudes, os animais nunca conseguiron poñerse de acordo e moito menos determinar o porqué da preferencia do león polo elefante. Moito menos tiveron a capacidade de levarlle as súas inquietudes ao león e entender a importancia de valores coma a modestia e o diálogo, capaces de facer que as mellores cousas da vida veñan polo seu propio peso e dereito.

Paula López Rodríguez